Programa de formación de usuarios e animación á lectura para centros de Educación Infantil e Primaria

Desenvolvemento das actividades segundo o ciclo académico:

- **Educación Infantil**: benvida e explicación sinxela da biblioteca de forma moi distendida imitando a introdución dun contacontos para que os nenos non perdan a conexión coa historia: algún de vós é socio?, algún veu antes aquí?.. Seguiremos cun Contacontos acompañado de preguntas de carácter interactivo que nos den pé a establecer conversación con eles. Finalmente gozarán de tiempo libre para que exploren a sala.

- **1º ciclo de Primaria (1º e 2º curso)**: a benvida á biblioteca será similar á que lle deamos ao alumnado de infantil, pero facendo especial énfase nos servizos que temos e que quizais non coñezan como o préstamo de películas, videoxogos, xogos de mesa e, por suposto, libros. Tamén se lles farán preguntas sobre que relación manteñen coa biblioteca, se acoden asiduamente... e explicaráselles moi brevemente como se organiza a sala de infantil e en que parte da mesma atópanse os libros que corresponden ao seu rango de idade ou que lles poderían gustar. A continuación, realizarase unha actividade relacionada coa lectura e a biblioteca extraída do xogo da Oca (como un minijuego). Unha vez terminada a actividade principal, utilizaremos o tempo restante para que coñezan a sala, exploren os diferentes espazos e poidan esculcar e gozar libremente da biblioteca.

- **2º e 3º ciclo de Primaria** (3º, 4º, 5º e 6º curso): a benvida á biblioteca estará máis orientada a explicar, de novo, algúns dos servizos da biblioteca que poidan resultar interesantes para eles. No caso do 3º

ciclo, introducirase tamén o catálogo, explicándolles moi brevemente como funciona e mesmo realizando algunha pequena procura. Para os cursos inferiores, esta explicación será moito máis sinxela e adaptada ao seu nivel.

A continuación, tanto o 2º como o 3º ciclo seguirán un mesmo patrón de actividade baseado no xogo da Oca. A Oca estará adaptada ao nivel de dificultade correspondente a cada ciclo: as probas serán similares na súa formulación e obxectivo, pero variarán en dificultade e na forma de presentalas.

A idea é que as actividades manteñan a mesma base para ambos os ciclos, pero que a súa dificultade se adapte á idade e ás capacidades do alumnado.

Unha vez terminada a actividade da Oca, deixarase tempo libre para que poidan explorar a sala, esculcar entre os libros e coñecer os diferentes espazos da biblioteca.